

30/11/18_ROLDA DE PRENSA

Resultados do proxecto “Red para a recuperación dos ecosistemas mariños no PNTIAG”

O próximo venres 30 de novembro as 11:30h darán unha rolda de prensa sobre os resultados do proxecto “Red para a recuperación dos ecosistemas mariños no PNTIAG” o Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, D. José Pelayo Miquez Baños xunto con D. José Antonio Fernández Bouzas, Director do PNMTIAG na sede do Centro de Visitantes do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Edificio Cambón, rúa Palma, nº4, Vigo).

O proxecto, que ten como obxectivo recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños do parque nacional desde a sustentabilidade, contou coa participación do sector pesqueiro, tecido asociativo e investigador na formulación de propostas e accións cara a solucionar o problema dos lixos mariños no noso territorio.

Nesta rolda de prensa informárase dos resultados da participación, a implicación dos distintos sectores participantes, a cantidade de lixo recollido e o impacto do proxecto nos medios de comunicación.

Este proxecto conta ademais coa colaboración da Fundación Biodiversidad, do Ministerio para la Transición Ecológica, a través do programa Pleamar do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) dentro dunha iniciativa enmarcada dentro do proxecto LIFE IP INTEMARES “Gestión integrada, innovadora, y participativa de la Red Natura 2000 en el medio marino español”.